



CIRCULAR 92-2026. **CONTROL FGA -19/04/2026 (Xornada de tarde)**

Art.1) A Federación Galega de Atletismo organiza este control o día 19 de abril de 2026 no CGTD de Pontevedra.

Art.2) Poderán participar atletas con licenza en vigor, dende a categoría Sub 10 nas súas probas oficiais.

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 23:45 horas do luns 13 de abril.

- Establécese unha cota de inscrición de 4 euros por atleta.
- Serán válidas, na inscrición, as marcas realizadas nas tempadas 2025 e 2026.No caso de superar o límite de prazas terán preferencia os atletas con mellores marcas.
- En caso de necesidade, realizarase sorteo entre os atletas sen marca.

Art.4).- Prazo de comunicación de baixas.

- Rematará ás 23:59 horas do mércores 15 de febreiro e serán remitidas a servizos@atletismo.gal

Art.5) Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.



Art.6) Horario: poderá ser modificado segundo necesidades do campionato de clubs de combinadas.

HORARIO CONTROL 19/04/2026- XORNADA TARDE		
HORA	CARREIRAS	CAT/MODALIDADE
16:30	300mv	Homes
17:00	300mv	Mulleres
17:30	220 mv	Mulleres S14
18:00	220 mv	Homes S14
18:30	1000	Mulleres S10-12-14
19:00	1000	Homes S10-12-14
19:25	150	Homes S14
19:50	150	Mulleres S14

Art.7).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a servizos@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 6€ por atleta.
- Calquera baixa con posterioridade ás 23:59 do mércores previo ó inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.
-

Art.8).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 9 abril de 2026

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo